

Acta núm. 2/2019.

Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local

do 17 de xaneiro de 2019

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.

José Luis Sampedro Bouzas.

José Pedro Cambón Fernández.

Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.30 horas do 17 de xaneiro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

1º.- Acta anterior correspondente ao día 8 de xaneiro de 2019.

2º.- Comunicacions previas (obras menores).

3º.- Licenzas de segregación.

4º.- Licenzas de primeira ocupación.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 08 DE XANEIRO DE 2019.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 08 de xaneiro de 2019, acta núm. 01/2019.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓN PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CELESTINO CARAMES GORGAL, con domicilio na Urb. Balado 12, 2ºC, Os Ánxeles, na que comunica que vai construír un peche de 139 m., en Adoufe 17, Os Ánxeles, coas seguintes características:

.- 10 metros de fronte coa vía pública, con parte cega de 1 metro de altura e lamas de aluminio ata 1,85 m. de alto.

.- 21 metros de peche posterior, reconstruíndo o muro existente ata unha altura cega de 80 cm. e postes metálicos ata a altura de 1,80 m.

.- 108 metros de peches laterais, sobre o muro de pedra da propia finca, de 80 cm. de altura, colocando postes e reixa metálica ata unha altura máxima de 1,80 m.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- .- A altura total do peche será máximo de 1,80 m. con respecto á rasante natural do terreo.
- .- A separación do peche ao eixo do camiño será polo menos de 4,00 m.
- .- Para a posterior construción dunha nova edificación deberá deixar libre un resío dun mínimo de 3 metros de profundidade, como se describe no gráfico que consta no informe técnico da arquitecta municipal.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANA ISABEL RICOY RIEGO, con domicilio no lugar de Gronzo 25, Brión, na que comunica que vai construír un alpendre para gardar apeiros de labranza de 50 m², en Gronzo 25, Brión.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- .- O alpendre situarase mínimo a 3 m. de calquera lindeiro e de calquera edificación existente na parcela.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por M^a CARMEN ABEIJON GOMEZ, con domicilio no Paseo de Pedrouzos 30, Brión, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda do Paseo de Pedrouzos 30, Brión, substituíndo as tellas existentes por outras novas.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 (UC2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JAIME JORGE LIÑARES, con domicilio no lugar de Pérros 17, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar as seguintes obras:

- .- Encintar a fachada principal da vivenda de Pérros 18, Os Ánxeles.
- .- Substituír o pavimento en mal estado das parcelas de Pérros 17 e 18, Os Ánxeles, sen afectar á vía pública.

A parcela onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) e sitúase dentro do contorno dunha

aldea integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM: AE-5, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017 non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ana Cristina Camiño Villaverde, que di actuar en nome e representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS O SOUTIÑO, con domicilio en Avda. da Mahia 60, 1ªA, Bertamiráns, Ames, na que comunica que van a realizar as seguintes obras na Avd. dos Ánxeles 8, Os Ánxeles:

.- Reparación da cuberta, substituíndo as tellas en mal estado por outras novas, sen incrementar o seu volume.

.- Limpeza e selado dos canalóns.

.- Colocación dunha ventá na cuberta.

.- Reparar o pavimento privado do entorno da edificación.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 (UC1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL FERNANDEZ PARGA, con domicilio en Figueiras, Eiranova 8, Santiago de Compostela, na que comunica que vai colocar tella sobre a cuberta e impermeabilizar con tela asfáltica o alpendre situado en Tembra, Boullón, con referencia catastral 4245602NH2444N0001FT, sen incrementar o seu volume.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM e situase dentro dunha aldea integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como MBE1, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017 non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA DEL CARMEN BARREIRO FUERTES, con domicilio na Rúa Alcalde Lorenzo 1, baixo, Ames, na que solicita licenza de segregación da parcela con referencia catastral 6226309NH2462N0001EW, do lugar de Reboredo Pequeno, segundo proxecto redactado polo arquitecto técnico Carlos Riveiro García, visado no Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación da Coruña, visado o 01.06.2018 e o 26.10.2018.

Descrición da parcela de orixe:

Referencia catastral: 6226309NH2462N0001EW.

Superficie total: 5.111,11 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

Lindes:

Norte: Manuela Barreiro Silva (378) e Ramona Barreiro Crespo (380).

Sur: Mariano Barreiro Crespo (376).

Leste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Oeste: camiño e María Crespo Blanco (375).

Segregación pretendida:

PARCELA A

Superficie total: 1.153,71 m².

Superficie de cesión: 48,26 m² (polo menos a 5,50 metros do eixo do camiño, vía de comunicación de núcleos).

Superficie neta: 1.105,45 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

Lindes:

Norte: Manuela Barreiro Silva e Ramona Barreiro Crespo.

Sur: parcela B procedente desta segregación.

Leste: vial público.

Oeste: Camiño e María Crespo Blanco.

PARCELA B

Superficie total: 1.232,05 m².

Superficie de cesión: 39,54 m² (a 5,50 metros do eixo do eixo do camiño, vía de comunicación de núcleos).

Superficie neta: 1.192,51 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

Lindes:

Norte: parcela A, procedente desta segregación.

Sur: parcela C, procedente desta segregación.

Leste: vial público.

Oeste: camiño e María Crespo Blanco.

PARCELA C:

Superficie total: 859,41 m².

Superficie de cesión: 58,58m² (a 5,50 metros do eixo do eixo do camiño, vía de comunicación de núcleos).

Superficie neta: 800,83 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

Lindes:

Norte: parcela B, procedente desta segregación.

Sur: parcela D, procedente desta segregación.

Leste: vial público.

Oeste: camiño e María Crespo Blanco.

PARCELA D:

Superficie total: 928,19 m².

Superficie de cesión: 53,37m² (polo menos a 5,50 metros do eixo do camiño, vía de comunicación de núcleos).

Superficie neta: 874,82 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

Lindes:

Norte: parcela C, procedente desta segregación.

Sur: parcela E, procedente desta segregación.

Leste: vial público.

Oeste: camiño e María Crespo Blanco.

PARCELA E:

Superficie total: 937,74 m².

Superficie de cesión: 55,49 m² (a 5,50 metros do eixo do eixo do camiño, vía de comunicación de núcleos).

Superficie neta: 882,25 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

Lindes:

Norte: parcela D, procedente desta segregación.

Sur: Mariano Barreiro Crespo.

Leste: vial público.

Oeste: camiño e María Crespo Blanco.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar as cesións dos terreos das seguintes superficies: 48,26 m², 39,54 m², 58,58 m², 53,37 m² e 55,49 m², destinados a viais ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA DE LAS NIEVES PADIN SILVA, con domicilio en Lamiño 66, Brión, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Lamiño 66, Brión.

Con data 02/05/2017 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a María de las Nieves Padín Silva para as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Lamiño 66, Brión.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto F. Javier Fernández Echevarría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 25/09/2018, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto e a sesión foi levantada sendo as 13,40 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario



José Luis García García

Javier Nieves González

FIRMADO POR José Luis García García (FECHA: 22/01/2019 12:50:00)

(FECHA: 22/01/2019 11:30:00) , Javier Nieves Gonzalez

Version imprimible

CVD: 1/rs+I2u0FzytDI4p2Re
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.